

Cruceiro do Campo da Festa



Descrición

Base:

Plataforma: Consta de tres gradas.

Pedestal: Cúbico, con inscrición da data de construción.

Fuste: Octogonal, con comezo e remate cilíndrico.

Capitel: De inspiración corintia, cos elementos vexetais moi pouco marcados. No anverso, entre as volutas, caveira con tibias descansando nun elemento vexetal mais prominente que os demais. No reverso, cabeza de anxo e flores en ámbolos dous laterais. Ábaco de lados curvos.

Cruz: De tipo leñosa.

Anverso: Cristo con INRI, barba, pelo longo, mans pechadas, cabeza e torso inclinados cara ó lado dereito. Tres cravos, brazos separados da cruz e o esquerdo máis estirado có dereito. Pano da pureza con nó á dereita.

Reverso: Virxe pregando sobre peaña.

Inscricións; na cara sur, correspondente ó anverso: 1843 (data da súa construción).

Altura:

0,70 m. pedestal

1,70 m. fuste e capitel

0,90 m. cruz

Data de colocación: 1843.

Propiedade: Pertence á Igrexa

Adscrición cultural

Contemporánea

Tipoloxía

Cruceiro

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Borela

Lugar

A Costa

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 539675 Y: 4699305

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.519098 O

Latitude: 42.443129 N

